

PROCEDIMENTO

Suspensión e extinción dunha titulación

CÓDIGO DO-0103 P1 ÍNDICE 04

REDACCIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Apoio á Docencia e Calidade	Comisión de garantía de calidade	Xunta de centro

Data e sinatura

23/05/2018



Data e sinatura

Proceso

Xestión dos programas formativos

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	REDACCIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÖNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación do procedemento (documentación marco).
01-03	2008-2011	Comisións de garantía de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros baseadas fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación dos sistemas de calidade remitidos desde a ACSUG.
04	24/04/2013	Raquel Gandón e José Miguel Dorribo (Área de Apoio á Docencia e Calidade)	Evolución do procedemento inicial «Suspensión dunha titulación». Creación do procedemento coa denominación «Suspensión e extinción dun título». Nova codificación, trama de redacción e estrutura. Novos contidos.

Índice

I OBXECTO	3
II ALCANCE.....	3
III REFERENCIAS	3
IV DESENVOLVEMENTO.....	5
V ANEXOS	10

I OBXECTO

Recoller o sistema que permite organizar a supresión temporal ou definitiva (extinción) dun título implantado para garantir os dereitos académicos do alumnado que se atope cursando os citados estudos.

II ALCANCE

Titulacións oficiais de grao e mestrado adscritas ao centro. Exclúense os títulos interuniversitarios que se rexen polo establecido no convenio asinado. De non existir unha regulación específica no convenio rexeranse polo presente procedemento.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

Lexislación

- Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.
- RD15009/2008, do 12 de setembro, de rexistro de universidades, centros e títulos.
- Normativa de suspensión e extinción de estudos oficiais de mestrado aprobada no consello de goberno do 9 de xuño de 2009.
- RD 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- RD 1002/2010, do 5 de agosto, sobre a expedición de títulos universitarios oficiais.
- Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

Normas e estándares de calidade

- ENQA: Criterios e directrices para a garantía de calidade no Espazo Europeo de Educación Superior.
 - 1.2. Aprobación, control e revisión periódica de programas e títulos.
- ACSUG, ANECA e AQU: Programa FIDES-AUDIT. Documento 02: Directrices, definición e documentación dos sistemas de garantía interna da calidade da formación universitaria.
 - Directriz 05. Programas formativos.
- ACSUG: Programa de seguimento de títulos oficiais.
- Norma UNE-EN ISO 9000: Sistemas de xestión da calidade. Fundamentos e vocabulario.
- Norma UNE-EN ISO 9001: Sistemas de xestión da calidade. Requisitos.

Outros documentos de referencia

- Universidade de Vigo: *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*.

III.2. Definicións

- Extinción: proceso mediante o cal un plan de estudos non supera o proceso de acreditación, causa baixa no RUCT e perde o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional.
(Orde, do 20 de marzo de 2012, pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.)
- Requisito: necesidade ou expectativa establecida, xeralmente implícita ou obrigatoria.
(Norma UNE-EN ISO 9000.)
- Suspensión: procedemento mediante o cal a consellaría competente en materia de universidades poderá acordar mediante unha orde a supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial, ben por propia iniciativa, co acordo do Consello de Goberno da universidade ou por iniciativa da universidade, ben por proposta do Consello de Goberno. En ambos os casos requírese o informe favorable do Consello Social da universidade.
(RD 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo RD 861/2010, do 2 de xullo, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.)

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- ANECA: Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación
- AQU: Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya
- CGIC: Comisión de Garantía Interna de Calidade
- ENQA: European Association for Quality Assurance in Higher Education (Rede Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior)
- EEES: espazo europeo de educación superior
- QSF: queixas, suxestións e felicitacións
- RD: Real decreto
- SGIC: sistema de garantía interna de calidade
- STO: seguimento de títulos oficiais
- RUCT: Rexistro de universidades, centros e títulos

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Garantir a adecuación da oferta formativa á demanda social, laboral e económica do contorno da Universidade de Vigo e ás necesidades dos seus grupos de interese.


IV.2. Responsable do proceso


- Decano/a ou Director/a.


IV.3. Indicadores

Os indicadores asociados ao proceso están identificados e definidos no procedemento DE-02 P1 «Seguimento e medición».


IV.4. Diagrama de fluxo







IV.5. Ciclo de mellora continua do proceso (PDCA)



- P** Planificar: establecer os obxectivos e os procesos necesarios para acadar resultados de acordo cos requisitos, coas necesidades e coas expectativas dos grupos de interese e coas políticas da organización.
 - D** Desenvolver (facer): implantar os procesos.
 - C** Controlar (verificar): realizar o seguimento e a medición dos procesos e dos produtos e servizos respecto ás políticas, aos obxectivos e aos requisitos, ás necesidades e ás expectativas, e informar dos resultados.
 - A** Actuar (aprender): tomar accións para mellorar continuamente o desempeño dos procesos.
- (UNE-EN ISO 9001)

V ANEXOS

Anexo 1: non se estableceron anexos a este procedemento.

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Dispoñible na aplicación SGIC-STO?	Responsable de custodia (órgano/posto)	Duración	Clasificación *
Código	Denominación					
R1-DO0101 P1	Resolución de extinción dun título	Papel	Non	Vicerreitoría de Titulacións	Período total de vixencia dunha titulación + 6 anos	-
R2-DO0101 P1	Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	Electrónico	Non	Vicerreitoría de Titulacións	Período total de vixencia dunha titulación + 6 anos	-

*Cúbrase só no caso de que o rexistro estea suxeito a condicións de permanencia adicionais ao período de arquivo de xestión (é dicir, cando é necesaria a súa transferencia posterior ao arquivo xeral).